

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de decembro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación inicial do estudo de detalle para agregación de dúas parcelas na rúa Xoán Montes, números 7-9.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento de dous funcionarios de carreira, coa categoría de inspector principal de policía local, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo.

Tamén se acorda a resolución da provisión do posto de auxiliar de Secretaría de Alcaldía.

3. FOMENTO.- Acórdase a aprobación do convenio-marco de colaboración educativa entre o Concello de Lugo e o IES Francisco Daviña Rey para o desenvolvemento da formación en empresa.

Así mesmo, acórdase a aprobación do convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a entidade Concello de Lugo para a xestión da programación da rede galega de teatros e auditorios do segundo semestre do ano 2025.

4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de equipos de protección individual (Epis) para as persoas traballadoras do recinto do cemiterio de San Rroilán e no Mercado Municipal e a

apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025/G004/000044.

Do mesmo xeito, acórdase a resolución do expediente de imposición de penalidades por incumprimentos moi graves no contrato de servizo de roza en pistas en diversas parroquias da zona rural do Concello de Lugo. lote 2 roza en parroquias na zona leste e lote 3 roza en parroquias na zona sur.

Taméns e acorda a convocatoria de consultas preliminares de mercado para a contratación dun sistema de xestión integral de datos no Concello de Lugo (exp. 2025/C005/000016)

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

5. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a adxudicación directa dunha subvención nominativa a Fademga plena inclusión social Galicia e aprobación do convenio de colaboración (exercicio económico 2025).

Fóra da orde do día

- Aprobación do convenio marco de colaboración de Europe Direct (ED) - 2026-2030 coa Comisión Europea.

- Delegación de competencia para a aprobación do incremento retributivo do 2,5% recollido no Real Decreto Lei 14/2025 de 2 de decembro polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.